

Coloca os signos de puntuación axeitados:

Coma , punto , signo de interrogación 
e signo de exclamación .

Mamá é guai pero ás veces enfádase A min iso de
estar dando voltas no tambor da lavadora durante 75 minutos
que é o que dura o ciclo de manchas difíciles non me fai moita
graza Un día metín a Dodoto o meu gato para ver como
reaccionaba Non deixaba de miañar con cara de susto e de
bater coas patillas dianteiras contra a tapa transparente
Tratei de explicarlle que o experimento era polo ben dos dous e
talvez de toda a humanidade e que por moito que protestase
non tiña pensado sacalo de alí dentro Botei deterxente e
suavizante con recendo a amorodo e deille ao botón de acendido
Xusto cando a lavadora empezou a facer o ruído de estar collendo
auga apareceu mamá como por arte de maxia Ás veces
penso que leva un radar incorporado dentro da cabeza sempre
aparece cando non debe Enfadouse moitísimo Púxoselle cara
vermello tomate frito sacou inmediatamente a Dodoto da
lavadora e chamoume cousas moi feas
—Es un delincuente un inconsciente un imprudente un
descerebradooooooooo!!!! Que me chamase todas esas cousas que

remataran en -ente non me importou porque estou afeito.
Pero que me dixese que son un descerebrado púxome triste.
Porque un descerebrado é alguén que non ten cerebro e se non
tes cerebro non podes pensar nin lembrarte de cousas felices
como lle pasa á veciña Manola que esqueceu ata os nomes dos
seus netos Iso é unha traxedia realmente trágica Por iso
prometín non volver usar a Dodoto nos meus experimentos para
non perder o meu cerebro e conservar a memoria as lembranzas
felices e non esquecer os nomes das persoas que quero
O resultado da receita das madalenas foi regular Paseime ao
botar a masa nos moldes e a metade delas cando empezaron
a medrar no forno saíron por fóra e convertéronse en monstros
de varias cabezas Houbo outras con mellor pinta pero
quedaron algo crúas por dentro e as tres que se salvaron
papeinas antes de que arrefriasen e nin mamá nin papá
puideron probar o ricos que estaban. Xa vos dixen que ser
cociñeiro cando tes dez anos non é cousa fácil.



María Liste 